

BLOQUE II

“How much do you know about cybersecurity?” (Canto sabes de ciberseguridade?)



Etapa: de 16 a 20+ anos.



Nivel de dificultade: básico ou medio



2 socios



Temporalización: 8 sesións



Etiquetas: ciberseguridade, adicción á rede, alfabetización mediática, cibercriminos, espírito crítico, escoita activa

Descrición da actividade: (4 liñas máximo)

Os alumnos realizan en equipos un glosario con termos relacionados coa ciberseguridade: os docentes dividen os alumnos en grupos internacionais mixtos, e cada grupo ocúpase dun aspecto diferente (redes sociais, uso de aplicacións, etc.). Os alumnos fan gravacións en grupos dando consellos a ter en conta á hora de navegar por internet. Soben ambos produtos (glosario e gravacións) a TwinSpace.

Obxectivos: (3 máximo)

1. Analizar a manipulación e os riscos que ten internet proporcionando ó alumnado oportunidades para promover o espírito crítico.
2. Utilizar ferramentas tecnolóxicas e dixitais para compartir información.
3. Mellorar as habilidades comunicativas, sociais e interpersoais.

Competencias clave e temas transversais:

- Comunicación lingüística
- Competencia dixital
- Competencias sociais e cívicas
- Educación para os medios de comunicación

- Igualdade de oportunidades e non discriminación
- Educación para a saúde

Contidos curriculares:

Contidos curriculares: Uso das fórmulas gramaticais para expresar consello (debes, deberías, recomendo, suxiro, aconsello, *]should, ought to, recommend, suggest, advise,* etc.)). Mellorar a comunicación oral e escrita, especialmente en inglés. Cidadanía dixital responsable. Uso das TICs.

Aspectos inclusivos: Nesta actividade detéctanse situacións de risco entre estudantes da mesma idade en diferentes condicións socioeconómicas, culturais ou relixiosas. Favorécese a aceptación, a actitude de escoita, o respecto ó outro e a integración das diferenzas.

Produtos/ resultados esperados:

- Unha táboa/glosario (Google Docs, Powerpoint ou similar) que será o resultado da fusión dos glosarios que cada equipo intercentros participante teña realizado con terminoloxía relacionada coa ciberseguridade, do que se deixará constancia no TwinSpace.
- Cuestionario/xogo coa ferramenta Kahoot, Quiznetic ou similar.
- Gravacións con Clyp.it con consellos sobre que facer e non facer en internet.

Desenvolvemento da actividade



Preparación


Paso 1

Cada docente socio invita o seu alumnado ó TwinSpace.



Tutorial: [Como invitar os alumnos ó TwinSpace.](http://etwinning.es/es/como-invitar-os-alumnos-ó-twinspace/)
< <http://etwinning.es/es/como-invitar-os-alumnos-ó-twinspace/>>

Un dos docentes socios crea unha páxina no TwinSpace co título *A glossary of terms about cybersecurity* (Un glosario de termos sobre ciberseguridade) e nela publica un enlace a un documento colaborativo de Google Docs ou similar onde aparece a distribución do alumnado en equipos internacionais. En cada equipo debe haber, polo menos, un alumno de cada centro escolar socio, e a ser posible, mixtos (alumnos e alumnas). Un docente coordina cada grupo e dinamiza a actividade.



Tutorial: [Como crear unha páxina en TwinSpace](http://etwinning.es/en/novo-twinspace-como-crear-unha-páxina-de-actividades)
<<http://etwinning.es/en/novo-twinspace-como-crear-unha-páxina-de-actividades>>

ETwinning Project

INDEX WORD GLOSSARY ON SAFETY

CLICK ON YOUR TEAM TO ACCESS
FASTER:

TEAM 1

TEAM 2

TEAM 3

TEAM 4

TEAM 5

Imaxe 1

Paso 2

O docente comeza a actividade preguntando ós alumnos sobre os diferentes conceptos en inglés (outra lingua) relacionados coa ciberseguridade. Despois, cada grupo de alumnos busca nos seguintes enlaces de internet, e/ou outros soportes máis termos cuxo significado descoñezan:



<<https://www.cybintsolutions.com/20-cyber-security-terms-that-you-should-know/>>



<<https://www.globalknowledge.com/us-en/topics/cybersecurity/glossary-of-terms/#gref>>



<<https://spinbackup.com/blog/45-main-cybersecurity-terms-everyone-must-know/>>



<<https://comtact.co.uk/blog/cyber-security-glossary-of-terms-the-ultimate-list/>>

Os estudantes de cada centro socio debaten cos seus compañeiros de aula que conceptos aprenderon e cales son de maior utilidade para combater o problema do ciberacoso e a delincuencia dixital.

Paso 3

Os docentes crean un documento colaborativo (Google Docs ou similar) para cada un dos grupos internacionais creados no **Paso 1**, e poñen o enlace ó mesmo na páxina creada anteriormente para facilitar o acceso do alumnado.

TwinSpace

1

Pages

Agony aunt
Poster contest
Don't get trapped in the net!
Mixed country groups
TEAM 1
TEAM 3
Questionnaire about the research
Slogan contest
Interactive conversations about cybersecurity
> A glossary of terms about cybersecurity

A glossary of terms about cybersecurity

Create the shared glossary

You are going to visit, in groups, the following links to choose a word related to SAFETY on the Internet.

Recommended web pages:

<https://www.cybintsolutions.com/20-cyber-security-terms-that-you-should-know/>

<https://www.globalknowledge.com/us-en/topics/cybersecurity/glossary-of-terms/#gref>

<https://spinbackup.com/blog/45-main-cybersecurity-terms-everyone-must-know/>

<https://comtact.co.uk/blog/cyber-security-glossary-of-terms-the-ultimate-list/>

TwinSpace 1

TwinSpace

2

<https://docs.google.com/document/d/1H98tYUw0vTjZlWzGfXqDgKdQmJkLqPqM/edit>

TwinSpace 2

Os alumnos acceden ó documento colaborativo asignado ó seu grupo e poñen na táboa colaborativa os termos que seleccionaron.


TEAM 1	SCHOOLS AND STUDENTS	WORD	DEFINITION
	CIP Tasha Arianna	Bug	A relatively minor defect or flaw in an information system or device.
	IES Zenit Miguel Miguel	Credentials	The information used to authenticate a user's identity – for example, password, token, certificate.
	ROUSO Gael Gael Sergio Javier	Encode	The use of a code to convert plain text to cipher text.

Imaxe 2

Paso 4

Cada docente prepara 3 preguntas baseadas no glosario que os alumnos prepararon no **Paso 3**, que se atopa na páxina creada previamente no TwinSpace. Un dos docentes recolle todas as preguntas formuladas e prepara un cuestionario coa ferramenta Kahoot ou outra similar. Este docente pon en TwinSpace un enlace ó xogo para o alumnado e outro para o profesorado.

Os docentes acordan día e hora para que os alumnos dos grupos internacionais respondan simultaneamente ó cuestionario. Se resulta complicado atopar un día e hora axeitados para todo o alumnado do proxecto, os alumnos de cada grupo poden responder ó cuestionario por separado.



Tutorial: [Kahoot](#)

TwinSpace

3

Kahoots about the Cybersecurity glossary

Add item

For students

[Link](#)



For teachers


[Link](#)



TwinSpace 3




Imaxe 3



Imaxe 4

Paso 5

Os docentes deixan constancia da participación dos seus alumnos mediante fotografías e capturas de pantalla, sempre respectando a privacidade dos alumnos. Os docentes crean un TwinBoard e expón estas fotografías e capturas de pantalla.



[Como crear unTwinBoard](#) (2º parte vídeo)

Paso 6

Os docentes de cada grupo-aula analizan os resultados do cuestionario/xogo no mesmo TwinBoard de TwinSpace no que se deixaron as evidencias da participación do alumnado na actividade.

Paso 7


Un docente crea unha páxina no TwinSpace coas instrucións que os alumnos deben seguir para gravar consellos sobre ciberseguridade por equipos (cousas que se deberían facer e cousas que non, utilizando “should” e “shouldn’t”), coa mesma distribución que os equipos do glosario. Os alumnos deben usar unha aplicación para gravar as súas voces do tipo Clyp.it ou similar. Ademais, o docente crea unha páxina en TwinSpace para amosar as gravaciones de cada equipo.



Titorial: [Clyp.it](#)



Security area: Recordings on advice



TwinSpace 4

Paso 8

Avaliación: Un docente crea unha páxina en TwinSpace chamada «Avaliación», prepara un cuestionario con preguntas sobre ciberseguridade e preguntas sobre o desenvolvemento do propio proxecto, e compárteo nesta páxina. Pode utilizar a ferramenta Quizizz ou similar.



Ferramenta: [Quizizz](#)

Nesta mesma páxina un docente abre un debate para saber que aprenderon durante esta actividade.

Os estudantes acceden ó TwinSpace, completan o cuestionario e responden na conversa do debate.

Os resultados serven para que os docentes determinen o grao de consecución dos obxectivos por parte do alumnado e para saber como foi o desenvolvemento do proxecto. Cada docente analiza e comenta os resultados da súa clase (pode descargar un informe do propio programa Quizizz) e publícaos na mesma páxina.



Ferramentas do TwinSpace / ferramentas 2.0 externas:

TwinSpace: páxinas e TwinBoard.



Outras ferramentas

- [Google Docs](#)
- [Kahoot](#)
- [Clyp.it](#)
- [Quizizz](#)